

CAMPIONATO GALEGO de SQUASH SUB 19

14 de XANEIRO de 2023

(Squash Club Santiago, Milladoiro (Ames)

BASES:

1º.- O Campionato disputarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Avda. Rosalía de Castro, 59 Milladoiro (Ames); O día **14 de xaneiro de 2023**.

2º.- Para inscribirse no torneo **é obrigatorio estar en posesión da Licenza Federativa da F.G.S. 2023.**

3º.- As inscricións faranse a través de Rankendin:

<https://rankedin.com/en/tournament/19555>

O peche da inscrición será o **luns, 9 de xaneiro ás 20 horas**. O **precio da inscrición será de: 15 €**. Poderán inscribirse tódolos xogadores menores de 19 anos.

4º.- O **pago realizarase por transferencia bancaria**, e o xustificante será enviado por e-mail a : info@fgsquash.org antes do mércores 11 de xaneiro ás 11h, de non ser así a inscrición no terá validez. A todos os participantes faráselle entrega dun detalle.

Número de conta: ABANCA ES47 2080 0501 1730 4003 1815.

5º.- O martes, publicarase o listado provisional de inscristos/as, O mércores publicarase o listado definitivo de inscristos/as.

6º.- Os xogadores están obrigados a coñecer o seu horario de xogo, no caso, da súa incomparecencia, 15 minutos despois do horario do seu partido, serán dados W.O. Mantendranse os horarios dunha maneira estricita.

7º.- O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, **Dunlop Dobre punto**.

8º.- Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos e xogaranse tódolos postos. Poderase modificar (xogar a 3 xogos) si houberse un gran número de inscristos/as ou por motivos de tempo.

9º.- O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio para tódolos xogadores.

10º.- O Xuíz– Árbitro do torneo será: **D. PABLO RODRÍGUEZ MOSQUERA** e as súas decisións serán inapelables.

11º.- O torneo é valedreiro para o Ránking Galego Xúnior Sub19 (Puntuación dobre).

12º.- Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados/as. E tamén se realizara un sorteo de material deportivo entre todos os inscritos/as.

13º Os campións e subcampións de ambas Categorías terán unha axuda ó desprazamento ó Campionato de España de Squash Sub 19 de 150€/ xogador.

**** A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, reseitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. Aínda así, no caso de que esté no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesorio e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.

